

Programa de Deseño para a Innovación  
e a Sustentabilidade 2024

ENCONTRO TRANSFRONTEIRIZO

# Materia e Territorio

Casa do Design,  
Matosinhos

Xoves, 16.09  
10.00 – 12.00 h GMT +1

A Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia en colaboración coa ESAD-idea e a Porto Design Biennale, organiza o encontro transfronteirizo “Materia e Territorio” no marco do Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA.

Este primeiro encontro colaborativo terá lugar na **Casa do Design**, en Matosinhos, no marco da Porto Design Biennale, unha iniciativa promovida polos concellos de Oporto e Matosinhos e organizada pola ESAD—idea, o centro de investigación da ESAD – Escola Superior de Artes e Design de Matosinhos.

**DIFERENZA**, que introduce a sustentabilidade como eixo fundamental das súas operacións, quere concienciar sobre a necesidade de deseñar colectivamente futuros materiais capaces de rexenerarnos a nós mesmos, os nosos hábitos e aos nosos hábitats terrestres, acuáticos e mariños.

Galicia e o norte de Portugal teñen a oportunidade de liderar o desenvolvemento de novos modelos bioeconómicos sustentables, modelos baseados na economía circular, onde todos os materiais sexan “nutrientes”, incluíndo os residuos ou desperdicios que nos poden permitir innovar de forma climaticamente consciente reactivando e transferindo coñecementos sobre as nosas materialidades locais. De aí que este evento se desenvolva dentro da exposición da Porto Design Biennale titulada “**Museo da Matéria Viva**”, que está inspirada no libro *Vibrant matter* de Jane Bennet, que pide que prestemos atención e nos sincronicemos coas nosas materialidades locais biolóxicas, técnicas e híbridas.

Un encontro con expertos en materiais e sustentabilidade no campo da arte, o deseño e a economía creativa e circular.

**Público:** por convite. En *streaming* aberto a todas as persoas.

## PROGRAMA

10.00 h **Presentación da idea e a aposta pola sustentabilidade da II Porto Design Biennale.**

**Magda Seifert.** Directora executiva da Porto Design Biennale.

10.15 h **Presentación do Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 -DIFERENZA da Xunta de Galicia.**

**Patricia Argerey.** Directora da Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia.

10.30 h **“Cando a materia está na mirada e conta unha historia. A arte como viaxe de ida e o deseño como viaxe de volta”.**

**David Barro.** Director da Fundación DIDAC e director de arte e innovación en MadBlue Summit. Dende 2018 colabora coa Axencia Galega de Innovación e o seu Programa de Deseño para a Innovación. Comisario de exposicións, editor de *DARDOmagazine*, colaborador de *Experimenta*, desenvolve a súa traxectoria ligado á arte, o deseño, a sustentabilidade e a edición.

10.50 h **“Unha nova vernaculidade: convertendo as formas inéditas en instrumentos de navegación”.**

**Christian García Bello.** Artista contemporáneo que traballa os procesos escultóricos auscultando as posibilidades poéticas dos materiais e analizando a nosa percepción e maneira que temos de habitar e transformar o territorio. Participou en proxectos expositivos en espazos como Caixaforum, Museo Patio Herreriano ou Appleton en Lisboa.

11.20 h **“A estratexia de deseño CMF. Cores, materiais e acabados”.**

**Noemí Cortizas.** Deseñadora industrial formada en enxeñería mecánica en París. A súa especialidade é o deseño de produto na rama CMF design, que se centra na investigación de materiais, cores e acabados. Desde 2017 traballa en Roctool identificando tendencias de mercado.

11.40 h **“Deseñar o presente. Realidades alternativas”.**

**Alastair Fuad-Luke.** Comisario xeral da segunda edición da Porto Design Biennale e experto en deseño aplicado a cuestións sociais, ecolóxicas, políticas e educacionais. Profesor catedrático de Investigación en Deseño na Universidad Libre de Bozen-Bolzano (Italia).

12.00 h **Visita á exposición Museo da Matéria Viva.**

Museo da Matéria Viva está inspirada no libro *Vibrant matter* de Jane Bennet que pide que prestemos atención e nos sincronicemos coas nosas materialidades locais biolóxicas, técnicas e híbridas. Unha exposición sobre a exploración de materiais e residuos.